

RABO DE NUBE



Historias de amor

OS CATRO RELATOS REUNIDOS “EL FINAL DEL AMOR” GRAVITAN EN TORNO AO AMOR E A SUAS POSIBILIDADES. RELATOS CON FONDO DE PARELLAS QUE NON TERMINAN DE VERSE, OU QUE SE VEN DE MÁIS, A TRAVÉS DE TERCEIROS

VICENTE ARAGUAS

MARCOS Giralt Torrente é madrileño, mais ben podería ser noso, vindo dunha saga tan “torrencial” como ferrolá. Con efecto Marcos é neto de Don Gonzalo e sobriño de Gonzalito; este último moito máis escritor do que semella deducirse dunha lenda que prefire concentrarse nos días de presidiario de Gonzalo Torrente Malvido, que del falamos, que de Torrente Ballester xa se ten falado abondo.

De Marcos Giralt, xa con obra importante, sobre todo ese Tempo de vida, axuste non de contas senón de amores co pai falecido, o pintor Giralt, lido, premiado, comentado, traducido, compre seguir fécendo. Porque estamos diante dun autor senlleiro no panorama ruti-

nario da narrativa española, onde a sota, cabalo, rei son de tan pouco calibre que nos fan botar de menos os Cela, Matute, Delibes ou o propio Torrente Ballester. E é que Marcos Giralt entre tanto mimetismo policiaco ou memorias históricas moi resesas, escritas desde un realismo do máis banal, traballa a sutileza e máis a elipse con habilencia que pide loanza neutral (como esta).



No libro que me ocupa hai catro contos longos, non chegan a “nouvelle” mais tampouco teñen espazo pequeno, senón unha extensión axeitada para que a reflexión lectora non perda folgos

—
**Un libro
moi
completo
que nos fala
dun autor
diferente**
—

tentando chegar a un deses remates que ben podemos chamar abertos. En tres das historias que este libro nos conta, porque “Joanna” parece descolgarse pola ladeira dun outeiro certamente arriscado. Dígase que o título do libro non engana e o amor, asasinado ou suicida, no libro de Giralt Torrente, fina no seu propio progreso cal facía o peregrín aquel de John Bunyan.

En relatos con fondo de parellas que non terminan de verse, ou que se ven de máis, a través de terceiros, “Nos rodeaban palmeras”, por medio dun chicle que de tanto estirarse fai da vida conxugal, morte, en “Cautivos” ou na ollada dun rapaz que se nega a aceptar a separación dos seus pais, “Última gota fría”. Á parte a xa citada “Joanna”, que non soamente non é o que semella senón que ese amor adolescente, á sombra do mosteiro de El Escorial, agacha un drama que pecha con aire triste un amor ultramarino. Un libro moi completo que nos fala dun autor diferente ao que compre non perder de vista. Ten moito percorrido por diante.

TÍTULO: EL FINAL DEL AMOR | **AUTOR:** MARCOS GIRALT | **EDITORIAL:** ANAGRAMA | **PRECIO:** 17 EUROS